



Toda a información sobre a nova regulamentación da avaliación, a promoción e a titulación no sistema educativo

O Ministerio de Educación vén de publicar no BOE o Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional.







Ao respecto dun dos cambios máis relevantes, a eliminación das probas finais, a CIG-Ensino mantén a mesma consideración que expresou diante do cambio proposto pola Consellaría de Cultura, Educación e Universidade para este curso escolar, pasando as probas de setembro a xuño. Denunciamos o xogo partidario da Xunta, propiciando que o debate sobre os cambios normativos sexa unha pelexa de galos ao confundir o goberno galego co partido ao que obedecen. Ao tempo, non deixamos de criticar que o Ministerio (como fai igualmente a Consellaría) non promova a

interlocución coas organizacións sindicais e actúen desde a unilateralidade.

A CIG-Ensino non se opón á eliminación dos exames extraordinarios en xuño igual que fomos partidarios do cambio de setembro a xuño porque ambas medidas van na mesma dirección: primar a avaliación continua e as competencias adquiridas ao longo dun curso escolar fronte a probas únicas. Tamén consideramos acaído que a decisión sobre a promoción resida no equipo docente e non na perspectiva individual de cada docente, que xa ten

o seu cometido inicial na avaliación da materia que imparte. Cremos que a eliminación das probas finais pode ter máis vantaxes que inconvenientes, mais temos claro que non implica ningunha solución senón se acompaña dunha análise rigorosa e dunha actuación na liña de reducir o fracaso escolar que teña en conta os seguintes elementos:

-  Redución das ratios.
-  Cambio nos horarios docentes, reducindo horarios lectivos e impulsando a coordinación didáctica e o traballo en equipo.
-  Mellora dos plans de reforzo para o alumnado que promociona no camiño de reducir as repeticións e reforzando o acompañamento deste alumnado.
-  Reorientación dos currículos.

Desde a perspectiva pedagóxica a defensa dunha avaliación continua e por competencias fai que os exames extraordinarios -e mesmo os ordinarios- deban ter un papel secundario no proceso de aprendizaxe, mais insistimos en que por si soa esta medida é insuficiente.

A ausencia dunha memoria económica na LOMLOE e o conseguinte incremento de fondos destinados á educación que a acompañe, para ampliar os claustros e potenciar a atención á diversidade e o acompañamento e reforzo do alumnado que promociona con carencias, pode provocar que unha medida positiva non teña os efectos agardados e que, aínda que se reduza o lastre da repetición de curso, non se afronte realmente o problema do fracaso escolar.

COMO QUEDA A AVALIACIÓN, A PROMOCIÓN E A TITULACIÓN?

Unha vez publicado o Real Decreto polo que se regulan a avaliación, a promoción e a titulación, presentamos unha información detallada sobre todos estes aspectos.

A avaliación toma como referencia os diferentes elementos do currículo recollidos no Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria, e o Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Ensinanza Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, respectivamente ata a implantación das modificacións introducidas pola Lei 3/2020, do 29 de decembro, no currículo, a organización e os obxectivos das ensinanzas obxecto deste real decreto. É importante recordar que os estándares de aprendizaxe avaliábeles destes reais decretos teñen un carácter orientativo, tal como regula a LOMLOE.

As modificacións introducidas na avaliación e condicións de promoción das diferentes etapas educativas, así como as relativas ás condicións de titulación de Educación Secundaria Obrigatoria, Ciclo Formativos de Grado Básico e Bacharelato implantaranse ao inicio do curso seguinte á entrada en vigor da Lei 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 de Educación.

Ata a implantación das modificacións introducidas pola LOMLOE no currículo, na organización e nos obxectivos das ensinanzas obxecto deste real decreto, nos documentos oficiais de avaliación, así como o procedemento de expresión dos resultados de avaliación axustaranse ao previsto nos reais decretos vixentes actualmente. As excepcións son:

- As actas de avaliación de Educación Primaria e Secundaria Obrigatoria pecharanse ao finalizar o período lectivo ordinario.
- As actas de avaliación de Bacharelato pecharanse ao finalizar o período lectivo despois da convocatoria ordinaria, e tras a convocatoria extraordinaria.

A permanencia nun mesmo curso escolar na educación básica debe ser considerada unha medida excepcional que soamente se poderá adoptar unha vez durante a Educación Primaria e dúas veces como máximo ao longo da ensinanza obrigatoria. Ademais debe de ir acompañada dun plan específico e personalizado de apoio para a adquisición das competencias non alcanzadas.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Avaliación

Tipo: continua e global. Terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

O equipo docente avaliará ao alumnado de forma colexiada na única sesión que terá lugar ao finalizar o curso escolar.

Promoción

O equipo docente adoptará as decisións, tendo en conta especialmente a consideración da información e criterio do titor ou titora.

As decisións de promoción terá lugar ao finalizar os cursos de segundo, cuarto e sexto de Educación Primaria.

Permanencia un ano máis no curso

Medida de carácter excepcional e tras ter esgotadas as medidas ordinarias suficientes para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Soamente unha vez en toda a Educación Primaria.

Levará consigo a elaboración por parte do equipo docente dun plan específico de reforzo.

Informes de segundo e cuarto

Os titores emitirán ao finalizar estes cursos un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno ou alumna, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.

Informes de final de etapa

Elaborado polo seu titor ou titora sobre a evolución e grao de adquisición das competencias desenvoltas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe ten que incluír as adaptacións e medidas adoptadas e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.



EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Avaliación

Tipo: continua, formativa e integradora.

Referentes xerais: obxectivos establecidos para a etapa e competencias.

Referentes da avaliación de cada materia ou ámbito: criterios de avaliación.

Promoción

O alumnado que supere as materias ou ámbitos cursados ou teñan avaliación negativa nunha ou dúas materias.

Tamén promocionarán cando o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lles permita seguir con éxito o curso seguinte e se estime que teñen expectativas favorables de recuperación e que dita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Permanencia un ano máis no curso

Medida de carácter excepcional e tras ter esgotadas as medidas de reforzo e apoio para superar as dificultades do alumnado.

Levará consigo a elaboración dun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren axeitadas para este alumnado. A súa planificación recollerá as condicións curriculares que se adapten ás necesidades do alumnado para superar as dificultades detectadas e o avance e profundización nas aprendizaxes xa adquiridos.

Consello Orientador

En segundo curso entregaráselle aos pais, nais ou titores legais de cada alumno ou alumna. Inclúe a opción que se considere máis axeitada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico.

Ao finalizar a etapa ou ao concluír a súa escolarización. Inclúe unha proposta sobre a opción ou opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideren máis axeitadas.

Programas de diversificación Curricular

Destinatarios

Alumnado que presenta dificultades relevantes de aprendizaxe para a consecución do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

Requisitos

Ter recibido medidas de apoio en primeiro e segundo de esta etapa e lle beneficie esta medida de atención á diversidade para a obtención do título.

Necesitar unha metodoloxía específica asociada a unha organización do currículo diferente á establecida con carácter xeral para alcanzar os obxectivos xerais da etapa e as competencias.

Informe de idoneidade da medida nos termos que estableza a administración, oído ao propio alumno ou alumna e contando coa conformidade das nais, pais ou titores ou titoras legais.

Situacións (*Mirar tamén o Artigo 61 da Orde do 8 de setembro do 2021 que regula a atención á diversidade*):

- Finalicen 2º ESO no 2021-2022.
 - * Non estean en condicións de promocionar a 3º ESO e permanecer un curso máis en 2º non lles vai supor un beneficio na súa evolución académica.
 - * Non estean en condicións de promocionar a 3º ESO e se incorporaran tardiamente á etapa.
- Finalicen 3º ESO no 2021-2022 e non estean en condicións de promocionar a 4º ESO.
- Ter cursado PMAR no curso 2021-2022.
 - * Ter cursado 2º ESO nun PMAR no 2021-2022. Poderá incorporarse automaticamente ao primeiro curso dun programa de diversificación curricular no curso 2022-2023.
 - * Ter cursado 3º ESO nun PMAR e non estar en condicións de promocionar a 4º ESO. Poderá incorporarse ao programa de diversificación curricular no curso 2022-2023 sempre que a incorporación permita obter o título dentro dos límites de idade establecidos por lei, tendo en conta a prolongación excepcional da permanencia na etapa recollido no artigo 28.5 da LOE.

Excepcionalidade: Un alumno ou alumna que tivera repetido con anterioridade e neste curso fixera 1º ESO sen estar en condicións de promocionar a 2º ESO podería incorporarse a 1º de PMAR no 2022-2023. No curso 2023-2024 podería incorporarse de forma automática ao primeiro curso dun programa de diversificación curricular.

Titulación

O título será único e expedirase sen cualificación. Ao concluír a súa escolarización da ESO recibirán unha certificación oficial cos anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.

Titula o alumnado que a xuízo do equipo docente (decisión colexiada) teña adquiridas as competencias establecidas e os obxectivos da etapa.

Novidade: o alumnado que non titule e supere todos os límites de idade permitidos de permanencia na etapa poderá facelo nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non tivera superadas segundo a administración educativa dispoña.

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

Destinatarios

Alumnado cun perfil académico e vocacional que o aconselle.

Requisitos

15 anos cumpridos ou os cumpran no ano natural en curso.

Ter cursado 3º ESO, excepcionalmente 2º ESO.

Avaliación

Tipo: continua, formativa e integradora.

Módulos de Comunicación e Sociedade e de Ciencias Aplicadas: carácter global e ao logro das competencias incluídas en cada un deles.

Referentes do resto de módulos: os resultados de aprendizaxe e as competencias profesionais, persoais e sociais que se inclúen nos mesmos

Titulación

O alumnado que supere a totalidade dos módulos incluídos nun ciclo de Formación Profesional Básica obterá o Título da ESO.

BACHARELATO

Avaliación

Tipo: continua e diferenciada segundo as distintas materias.

Probas extraordinarias das materias non superadas. O alumnado pódese realizar nas datas que determine a Administración educativa.

Promoción

Todas as materias superadas ou avaliación negativa en dúas materias como máximo de primeiro de bacharelato. En segundo terán que matricularse nas materias pendentes de primeiro. Deberán organizarse actividades de recuperación e a avaliación das materias pendentes.

A superación das materias de segundo que se indican no anexo III do Real Decreto 1105/2014 estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas en dicho anexo por implicar continuidade.

O alumnado que ao finalizar segundo curso tiveran avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar tamén por cursar o curso completo.

Titulación

Será único e expedirase coa expresión da modalidade cursada e da nota media obtida.

Título de Bacharelato coa avaliación positiva en todas as materias dos dous curso de Bacharelato. Excepcionalmente, cando non supere unha materia, sempre que se cumpran as seguintes condicións: alcanzado os obxectivos e competencias do título; que non houbera inasistencia continuada e non xustificada; e que a media aritmética das cualificacións en todas as materias da etapa sexa igual ou superior a cinco.

O título tamén se pode obter desde outras ensinanzas: Técnico ou técnica en FP ou en Artes Plásticas e Deseño; Ensinanzas Profesionais de Música e de Danza poden obter o título de Bacharelato na modalidade de Artes.

* *Mirar as disposicións transitorias primeira para o alumnado que accede desde as Ensinanzas Profesionais de Música e de Danza e a segunda para os titulados de Técnico Superior de Formación Profesional.*

FORMACIÓN PROFESIONAL

Avaliación

Tipo: Realizarase por módulos profesionais tendo en conta a globalidade do ciclo.

Referentes: serán os elementos dos currículos básicos publicados para cada un dos títulos.

Titulación

Avaliación positiva en todos os módulos profesionais que o compoñen.

EDUCACIÓN DE ADULTOS

Educación Básica

Será necesaria a superación de todos os ámbitos de coñecemento que conformen os estudos dirixidos á adquisición das competencias correspondentes á ESO. O equipo docente tamén pode propor para a expedición deste título ás persoas que se considere que conseguiron globalmente os obxectivos xerais da formación básica das persoas adultas.

Bacharelato

Será necesaria a superación de todas as materias dos dous cursos de Bacharelato, ou en todas as materias salvo unha reunindo as condicións que se exigen tamén para o Bacharelato ordinario, sempre que non se producira un abandono da materia e se presentara a todas as probas e realizado todas as actividades.

Probas libres para a obtención dos títulos da ESO e do Bacharelato. Requisitos.

ESO. Maiores de 18 anos. As Administracións determinarán as partes da proba que se considera que o alumnado ten superadas de acordo coa súa historia académica previa.

Bacharelato. Maiores de 20 anos e diferenciada segundo as modalidades de Bacharelato.

OUTROS ASPECTOS IMPORTANTES DO REAL DECRETO A TER EN CONTA

A **avaliación continua** permitirá, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa adecuado, establecer medidas de reforzo educativo, que se adoptarán en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento á situación do alumnado con necesidades educativas especiais e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo, cos apoios que cada un precise.

No caso do **alumnado con necesidades educativas especiais** os referentes da avaliación durante a educación básica serán os incluídos nas súas **adaptacións curriculares**, sen que este feito poida impedirles a promoción ao seguinte curso ou etapa, ou a obtención do título de Graduado na Educación Secundaria Obrigatoria.

As **nais, pais ou titores/as legais** deberán participar e apoiar a evolución de proceso educativo do alumnado cando sexa menor de idade.

DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN
DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

25
DE NOVEMBRO

sancionar inxustamente
sobrecargar confundir
infravalorar ignorar illar
insultar
insultar facer comentarios sobre o aspecto
confundir físico e a situación sentimental
sancionar inxustamente sobrecargar
invadir o espazo persoal
illar facer comentarios sobre o aspecto
insultar físico e a situación sentimental confundir illar
enfermar
infravalorar **realizar tocamientos** insultar
confundir **deixar sen tarefas** invadir o espazo persoal
ignorar **insultar** sancionar inxustamente **sobrecargar** illar
sancionar inxustamente **infravalorar** enfermar **ignorar**
invadir o espazo persoal **insultar** confundir

**É acoso,
é violencia machista
no traballo**



Confederación Intersindical Galega



Secretaría das mulleres

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal